

Óxido nas flores da tarde

Suso Bahamonde

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BAHAMONDE, SUSO (2011 [2001]). *Óxido nas flores da tarde*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/861>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BAHAMONDE, SUSO (2001). *Óxido nas flores da tarde*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Óxido nas flores
da tarde
Suso Bahamonde



Óxido nas flores
da tarde
Suso Bahamonde



Óxido nas flores da tarde. Manifestos
© Suso Bahamonde
Letras de Cal

Ilustración:

Edita:
A. C. Amaía
Apdo. 142, Compostela
Galiza, maio 2001

Imprime:
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-931169-3-9
D.L.: PO-236/2001

Á familia, por aprenderme a beber onde
só había un río seco.

A Noe, única e infinita, compañeira
cósmica.

Ós amigos, por sementarme óxido e flores
no corazón.

Ó Penal, in memoriam

Por Ramiro

O día que quedei durmido no meu funeral

O día que quedei durmido no meu funeral
levaba un traxe de flores
os recordos na madeira
e unha oración de leite e suor.
Durmín cunha man no peto
e a outra enterrada
como un estúpido desfile.
Acomodeime no meu ataúde
e apareceron as miñas mulleres
con rosas e bágoas
cos seus maridos e os meus poemas
e esa parte dun mesmo
que queda preparando a cea
e a familia que perde en descendencia
e gaña en economía do fogar.
O día que os santos se declararon en folga
o día que deixei a cama sen facer
o día que deus perdeu ó mus
o día que lle pedín perdón á miña muller.
E mentres me lanzaban rosas ó rostro
como a un toureiro ás cinco da tarde
decidín que non era o pallaso da túa cama
e tampouco a alma da túa festa
senón un reducto de marfil e insectos
o día que quedei durmido no meu funeral...

O día que quedei durmido no meu funeral
levanteime máis feliz que normalmente

e máis vello tamén.
Tiña o peite no lavabo,
frío no padal
e un cortaúñllas e unha máquina de barbear
ó lado dos recordos dos bicos que non che dei.
Pero vertéuseme o café,
caulle outra folla á margarida (outra que non me quere)
e o can do veciño cumpría un ano máis
o día que quedei durmido no meu funeral.
Na ilusión de ter madrugado
ducheime e abotoeime ben ese día.
Á fin e ó cabo (pensei equivocado)
hoxe vai ser un día como outro calquera,
sen máis verdades que as do almorzo,
sen máis abrigo que o da terra húmida,
sen máis destino que o meu traxe de flores,
nin máis decibelios que as gargalladas das miñas ex.
O día que quedei durmido no meu funeral
foi normal, para ben ou para mal.

S. Bahamonde - A. Cobos
Inverno de 2000

As mulleres pasan pola miña beira a velocidades de vertixe e non me dá tempo nin a tender a man e dicirlles bos días que hoxe estou só e algo triste e paréceme ben andar cada un coas súas tolemias á vista como se todos vivísemos nunha gran festa e todos tivésemos as camisas impecables e un malestar co cal non puideses ir pasear cunha amiga ou unha muller madura cos peitos grandes que che pagara todas as copas que tomas os xoves na cidade aínda que non é cidade nin carallo por moito que se empeñe a moi puta porque a súa beleza reside niso en que non é cidade senón unha aldea moi curriña con moitos recantos pois eu si son dunha cidade onde todos os venres bailabamos pequenos ao son da felicidade que reinaba nos nosos corpos de grandes soñadores que queríamos ser actores ou poetas ou homes ben e diciamos as cousas claras á nosa maneira e aínda non tiñamos barba nin carallo ningún que lles ensinar ás mozas inexistentes pero presentes todos os días no futuro de escritores porque son tan escritor como obreiro e múdome de roupa cada tres días aínda que teño roupa de sobra para abrigar a un país do leste de Europa que fose bombardeado e podó permitirme o luxo de ir tomar cafés e fumar cigarros todos os días do ano menos cando estou arrefriado e quedo na cama a pensar o que pagaría por terte todos os minutos da vida ó meu lado que mereces todos os bicos que se desperdician no mundo

Dime que si que todo vai ir ben (Manifesto II)

Porque talvez teña un medo atroz ó futuro e sempre pensei que o de antes non é que fora mellor pero polo menos xa pasara de longo como as cancións e autovías que coñecemos de tantas noites paseando polo mundo e hoxe tampouco podó camiñar ti xa sabes e vou algo así como uns minutíños atrás de todo o mundo ou talvez nin sequera esteamos no mesmo lugar aínda que poda poñerme unhas lentes novas de sol e verte diante de min fuxindo dun lado ó outro e mentres eu sentado nas cadeiras de todos os países escoitando os partes de guerra e quitando os mocos do nariz moi a modo como se a vida me fose niso sen ningunha razón máis que a de esperar postais da xente incluso persoas tamén ou de calquera que teña algo que contar aínda que non teña moita importancia e dime que si que todo vai ir ben aínda que sei que é mentira máis ou menos pero eu sigo coas miñas teimas e os meus medos e os meus cagoendios e quero matar a todo o mundo porque non sei cruzar sen mirar setenta veces para ti por se pasa un avión moi baixiño ou por se che cae o xeado de nata que estás a comer e esta vez pasa pero mañá métome na cama seis días seguidos aínda que a teña sen facer

Tampouco sobran amigos (Manifesto III)

Porque hoxe estou coma onte e mesmo como hai un ano podería dicirse se soubese contar ou cantar desde os andamios onde os obreiros andan a dicirse cousas fermosas ó oído todos os días que chove na cidade cos martelos e os cravos nas mans e o seu pensamento posto na súa cama e na súa colcha vermella regalo odioso da sogra e no cu quente da María erguéndose para preparar o almorzo café torradas moi finas do pan de onte e bicos moitos pois non sobran no mundo como tampouco sobran amigos que saiban esperar os venres nas estacións de autobuses asubiando cancións de benvida que tal canto tempo fóra como vai ou un sorriso no que poidamos ver a rabia que levamos todos entre os dentes aínda que sexan de leite como o leite que serven os camareiros nos descafeinados que adoitamos pedir ou cando percorro a praia pegando chimpos por riba das chalanas ou cando espero por unha muller no seu portal lendo os nomes dos buzóns e pensando cando tempo ten que pasar ata que se cambien os buzóns por macetas con flores onde o carteiro enterraría as postais e logo unha señora maior que vivise no terceiro lles botaría auga todos os días e medrarían moitas postais para todos os veciños enviadas dende países exóticos e soleados como Cuba Vietnam ou Kosovo

Hoxe o mundo está en festas (Manifesto IV)

E será porque hoxe o mundo está en festas e os sorrisos e os berros predominan detrás das esquinas para absorbernos como ó neno de seis anos que viste unhas botas marrón novas e vai camiñando entre a xente pola cidade e leva nos petos un par de bolboretas azuis para voar cando se atope atordado pola rapidez coa que vira o mundo ou mesmo queira voar cando saiba o que é erguerse todas as mañás do mundo da cama quente e pórse a plantar ameneiros a carón dun río ou mesmo queira voar cando se descubra atrapado no ascensor dun edificio moi alto e todos os números son cero e no ascensor haxa cinco gaivotas voando sobre a súa cabeza e máis arriba o ceo gris que bota choiva e como chove no ascensor e se está a mollar métese nos seus petos xunto ás bolboretas e alí a salvo do exterior non se escoita nada máis que a música que fan as bolboretas ó abrir e pechar as ás e como hoxe eu xa non teño seis anos sento coas botas de todos os días nun bar de pedra da parte norte da cidade e paso a man entre o cabelo buscando algún xoguete que tivera esquecido do tempo en que era pequeno e a miña nai solucionaba todos os meus grandes problemas ou do tempo en que era pequeno e deixaba os meus vellos zapatos debaixo da almofada e pensaba que á mañá seguinte serían dúas bolboretas azuis que me espertarían coa música que farían ao abrir e pechar as ás

Se estaremos moito tempo aquí (Manifesto V)

Paréceme bonito e ti sábelo porque estás un par de horas ó meu lado recordar situacións e cores de anos pasados por exemplo a tarde de domingo calorosa nunha gran cidade onde catro amigos quedan ás catro nun café e logo van ó teatro a ver ese espectáculo denominado pola crítica especializada de fantástico ou senón ese venres nocturno no que estamos tan cansos que os nosos ollos son boliñas de cemento pero aínda así ti preparas a cea exquisita e pos a televisión onde botan unha película moi estraña en branco e negro que trata de dous tíos duros de Las Vegas que polo día matan a moita xente pero que pola noite gardan as pistolas no armario e se aman sen présa e ti e mais eu quedamos durmidos no sofá tapados coa manta verde ata o día seguinte ou que me podes dicir dun sábado soleado pola mañá no que o veciño do lado pon o chándal azul regalo da súa filla e colle o deportivo e vai á pastelería da rúa principal e merca dúas ducias de pasteliños para cando a súa familia esperte poda almorzar ben e un pastel de crema grande para el e vai ó café central e pide un almorzo e mira o xornal de hoxe mentres mira de esguello as tetas da Lucy a camareira que aguanta as súas neuraxas os martes nun motel da cidade e tamén podo recordar un trinta e un de nadal coa choiva e o frío e o cemento e a madeira e esa sensación de que algo bo acaba e comeza algo peor e tomamos un té con limón un cigarro e algo de sexo para despedir o ano que se vai deitados na cama de túa nai e eu preguntándome en silencio sen que ti o escoites se estaremos moito tempo aquí

Non é un mal día para empezar (Manifesto VI)

Hoxe talvez sexa un deses días no que me levante moi cedo máis cedo incluso co meu sorriso inexistente dos días soleados e acelerados porque tumbado no sofá coa mirada posta na rúa non se gañan as batallas entón aparto un pouco as cortinas e abro as persianas ata a metade e deixo que suban pola fiestra todos os paxaros do día e a xente que teña ganas de festa e entran pouco a pouco homes grandes e mulleres fermosas e sedutoras nenos maiores vellos provocadores e pónense a saltar e beber fortemente como auténticos cabróns e eu tumbado no sofá miro atentamente a persiana medio baixada ou medio subida e eles seguen coa festa falan rin bícanse chúpense todo e eu preguntándome que ocorre se hoxe é sábado ou é luns se estou durmido ou esperto se esa muller me está a dicir en realidade se quero axuda para poñerme unha camisa limpa e unirme á festa e comezar a vivir un pouco hoxe porque non é un mal día para empezar e mentres os paxaros alineados no frigorífico observan o circo e como ti e mais eu marchamos entre a xente en silencio case como unha fuxida ti agarrándome pola cintura e eu preguntándome onde puxen o tabaco

Digamos nos petos do disfrace (Manifesto VII)

E é que hoxe non estou na vosa situación e a verdade que tampouco quero estar síntome como ese secundario de luxo que ten unha morte violenta nunha desas películas que pasa sen pena nin gloria e entón imaxínome sentado no bar de sempre refuxiándome nos grandes itinerarios ou recén chegado a unha cidade onde acaba de chover e as rúas están molladas e ateigadas de auga e baixo do bus e a auga chégame ata os xeonllos e hai peixes de todas as cores e tamaños polas rúas e avenidas porque tampouco vos vou pedir que sexades coma min pois non é nada fácil e tampouco lle desexo iso a ninguén eu estou ben así botándote de menos sen sentir máis dor que a dose diaria e cun pouco de nostalxia dos tempos que se foron e dos que aínda están por chegar se van a ser bos claro e entón saio de casa e vou camiñando e diante de min vai unha parella de policía eses homes malos ás veces e entón pónense no medio da estrada e paran o tráfico de ambos os lados para recoller unha pequena flor branca que está deitada alí no medio despois seguen o seu camiño tranquilamente falando e como quen non quere a cousa parten a flor á metade e compártena gardándoa para sempre digamos nos petos do disfrace

Dígoche nena que estou condenado (Manifesto VIII)

Se por casualidade un sábado á noite estou na fiestra esperando a que comece a tormenta escoitando a música alá ó fondo podo verme entre a multitude movéndome docemente como unha serpe sobre o asfalto e pedindo a berros que deixen de berrar que non podo escoitarme nin a min mesmo sentado na barra coa camisa media aberta pola calor e os insectos movéndose entre a xente aparvados entón unha muller loira desas que sabemos que non son loiras achégaseme e pídemme que lle mire por detrás e logo por diante e logo ponse a esperar a que eu diga algo como estás moi ben vamos a un sitio máis tranquilo pero eu non digo nada máis que déixame en paz que hoxe teño o día atravesado e dígoche nena que estou condenado e sigo a beber fortemente na noite e falar alto e buscar algunha sorpresa no peto do pantalón pero esa muller que non é loira de todo volta outra vez agora cargada e disposta a chegar ó final da autopista levándome da man como se fôsemos a ir a un sitio mellor pero non facemos outra cousa que loitar como dous lobos e perder a maquillaxe mentres a noite vai pasando e en todos os bares soben o volume da música e eu penso xa a maneira de escribir isto sen parecer imbécil ou vaidoso e cando todas as batallas parecen perdidas apurando os últimos cartuchos ela pronuncia as palabras máxicas e eu por moito que me pese négome a formar parte dese xogo e achégome a ela moi docemente como un neno pequeno repítolle ó oído moi baixiño para non escoitalo nin eu que che digo nena que estou condenado

Tango loiro de infidelidades (Manifesto IX)

Mentres un mendigo vendía amor a cambio de tabaco en Roma meu avó chegaba a Bos Aires o ano no que en Nova York se botaban pola fiestra os corredores de bolsa antes de que a mafia puxera a súa cabeza na cama da muller e o resto do corpo no frigorífico ese ano meu pai entraba na Habana cando apagaron as luces e prenderon un cigarro puro miña nai debía estar en París namorando algún escritor bohemio con eses ollos verdes e o seu encanto de marfil e meu irmán tocaba a guitarra e o ceo en Londres mollado e proletario no tempo en que eu me namorei dun tango loiro de infidelidades que chegou con viño e mentiras pola porta da cociña e quedou a medio camiño entre a cama e Europa no mesmo ano en que na miña cidade o inverno chegou en agosto e a noite me tapou os ollos para que non vira como te metes nesta cama de costas e con frío

Intentando construír un refuxio clandestino (Manifesto X)

Hoxe claramente comezarei a pensar un pouco máis en min e serei egoísta en folga pero con poucas posibilidades de triunfar así baixarei á rúa decidido a mercar algo bonito nas rebaixas como un bico unha ollada ou un sorriso e deslizareime entre esa xente que coma min se aburre no tempo libre e faremos todos como que estamos esperando algo bo xogando ós dados e pensando nesa preciosa muller que virá decidida a buscarme á praia onde estou sentado intentando construír un refuxio clandestino entre a area cunha cachimba de kif e ese sentimento estraño que persegue os homes e me dirá ven comigo que eu te levarei a un sitio distinto menos soleado onde o tabaco é gratis e o verán está prohibido ese lugar está preto ninguén te vai botar de menos pon a camisa nova e deixa medrar a barba e marchemos hoxe á noite mesmamente espérote no porto onde os barcos nos agardan coa música alta e o champán e xa recollerás as cousas porque se o fas así dareiche o mellor regalo que che pode dar unha muller e tardarás en esquecer o tempo que che leve escribir isto

Unha caricatura de min mesmo (Manifesto XI)

Talvez sexan os meses da calor as noites repetidas día tras día ou as sombras que provocan os farois o que me faga converterme nunha caricatura de min mesmo pois así esperto cunha adolescencia prendida dos puños e vístome de gala como se fóssemos todos a un funeral negro rigoroso e nos ollos un verde mentira para dar-me clase poño a chaqueta de loita o odio no peto dereito o sombreiro eterno os medos na camisa as botas de sábado as ilusións nos vaqueiros e saio á luz a ver as rúas e os animais e hai depredadores paseando polos adoquíns leóns nos ultramarinos serpes no bar do hotel da esquina e un moucho femia na oficina e entro no café das mañás da praza e tomo unha infusión con ansia un cigarro e unha pasta de envexa e chocolate pero cando despois da comida chegan once horas de rabia e sobremesa a esperanza vólvese noite e na noite boto auga no cabelo e temperamento nos brazos e saio á escuridade a ver as rúas e os animais e entro no bar de noite de abaixo e atrás da barra unha curuxa ou gato sabio e cabalos nas banquetas tomo vodka con tristeza e tres pedras de xeo cigarros da tranquilidade e tómete pola man e desexo levarte á selva do norte e atopamos o noso sitio entre a maleza os edificios e os ríos pero observo que es un cisne de pescozo dourado e eu unha caricatura de min mesmo que non sabe agardar pola luz máis plena do día

Gracias por ser eu (Manifesto XII)

E é que esa noite cheguei de madrugada á casa e decidín educar a miña tristeza tapar un descosido da alma e manter unha romántica velada enfronte do espello así mentres me vestía elegantemente no baño preparei a cea a base de marisco invernal soños e pan fresco e acendín dúas velas no intre en que saín do baño para verme xa sentado na mesa agardándome cun sorriso de complicidade e sentei ó meu carón collinme da man e devolvinme o sorriso e entre viño tinto caricias e café comecei a meterme man por debaixo da mesa e se son sincero sorprendinme do meu atrevemento pero tampouco ofrecín resistencia cando despois dun cigarro me levei ata a cama para me quitar a modo a camisa mentres me quitaba a min os vaqueiros sensualmente ó mesmo tempo que me bicaba humidamente no pescozo así apaguei a luz e convertemos a cama nunha estrada de dificultades e amor propio para poder quedar durmido de cansazo e suor e temer que ó espertar non estivera ó meu lado e só atopara unha triste nota na cama que dixese gracias por ser eu

Claramente non entendo (Manifesto XIII)

Claramente non entendo que polas mañás en vez dunha peza musical entre as sabas atope un gato medio bebido e xogador que as mulleres cheguen ó meu lado con falsas esperanzas no bolso e un billete de volta nos tacóns que os bares sexan despacho duns e refuxio doutros que a televisión sexa unha droga gratuíta e o amor non que os amigos non estean que a miña tristeza non me respecte nos días santos que a xente me pida tabaco pola rúa en vez de matrimonio que na miña casa amenza ó mediodía que nas tinturerías non me deixen limpar a miña consciencia que o verán dure nove meses e medio que o meu corazón estea caducado e en folga que non chova nas terrazas da noite de Madrid que os teus bicos saiban a baía iluminada que o metro desfile baixo a terra que está sobre a nosa cabeza que prefira Boisaca á Costa Azul para veranear que ti naceras coa maioría de idade na mirada que en fin claramente non entenda como funciona este xogo se ti non estás na partida

Buscando por Loanie (Manifesto XIV)

Entre o espertar violento dos días e o anoitecer de nicotina e sabas está o momento no que marchas a falar por teléfono máis elegante que o día da nosa voda e eu quedo perdido de tarde na cidade buscando por Loanie vestida de fábrica das aforas que soubo atraparme mellor que afeitada de sábado noite e por iso busco as súas pegadas enganosas e felinas polas prazas peixerías e estancos da rúa que non me viu nacer pero como era de esperar non atopei o bico poderoso dos seus ollos e quedei espido de recordos e roupa interior no Penal das ilusións e as cervexas onde as testemuñas de luxo desta película de serie B me regalaron unha conversa un cigarro a Benedetti e a palmada nas costas dos que perden no último minuto e así saín perdido outra vez baixo unha tormenta de angustias e medos a preguntarlles ós gatos do meu tellado se me viron buscando por Loanie na fase terminal de amor

Pechado por defunción (Manifesto XV)

Tiña tantos recordos no estómago e as copas na alma que puxen no frigorífico a arrefriar o perfume do teu cabelo e o sabor do teu sorriso e mentres esperaba decidín mudarme ó edificio absurdo da rúa nostalgia e descubrir as vidas que habitaban alí por exemplo no primeiro onde un matrimonio de vellos ela con carmín nos beizos e alzheimer e el con cancro de ducados bailaban ó son de Barry White ata que mudaron o tráfico ruidoso do seu dormitorio pola tranquilidade dun cemiterio nas aforas ou no segundo onde a muller dos soños do meu amigo almorzaba espida valium e bourbon e xogaba a ser raíña do instituto ata o día que baixou a licorería pola fiestra ou cando paraba no terceiro andar e escoitaba o respirar do home pequeno que durmía polo día e pola noite intentaba esquivar a súa tristeza escondéndose no armario onde agochaba mapas de estradas pistolas e fotografías antigas ata o día que se esqueceu de saír ou no cuarto onde unha señora que vestía leotardos e amargura nos ollos respiraba e discutía co seu gato e días despois reconciliábanse ata o inverno que o gato decidiu marchar e a señora xa non quixo respirar máis e no quinto debaixo dos meus pés e as miñas pingueiras un coronel retirado do exército botáballe achicoria ó café e fumaba picadura entre carteis das tardes de Manolete e fotografías de Capa ata o día que soñou de máis e non quixo madrugar e así o edificio foi pechado por defunción unha mañá de outono mentres eu sentado no balcón miraba como caía a cidade ante min

Maldito agosto (Manifesto XVI)

Nun maldito agosto de finais de setembro baixo a calor de zona industrial ou barrio residencial comecei desesperado a pegar nas paredes carteis coa miña fotografía e un BÚSCASE con número de teléfono falso e pasei esa tempada sentado na praza engalanada da cidade á espera de novas sobre min mentres observaba con certo desprezo o grotesco desfile estival que se aproximaba de noite e sorpresa como o pai de familia que cambia muller Audi e Tirso de Molina por loira de provincias susceptible ou tres amigos que cambian café frío de facultade invernal por casa no desvío da comarcal 552 co neón a medio prender e unha torre de babel sudamericana no interior ou a divorciada tinguida cor caoba que cambia editorial metro e ensanche por vila mariñeira con poeta local incluído ou o matrimonio novo e estéril que cambia academia de informática discusións e persianas por sexo desganado en tenda de acampada ou o home septuaxenario que cambia vodka depresión e resaca nun bar do sur por vodka depresión e resaca nun bar do norte e así pasei os días da calor ata que tiven aviso de que me viran polo centro da cidade enfadado e un pouco bébedo entón por fin me levantei en inverno mollado e suspirei

Despois de morrer (Manifesto XVII)

E despois de morrer fixen noventa e dous anos e botei moito tempo nun hospital de segunda cunha enfermidade de aluguer e pixama azul e moito tempo libre e máis adiante ós setenta e tres gastei a pensión nos casinos nos bares e nas mentiras pero pasou o tempo e ós cincuenta e nove miña terceira muller deixou a pota ó lume e foime mercar un paquete de cigarros que nunca fumei e así mentres intentaba esquecerla coñecín a segunda ós corenta e oito que me roubou dez anos de vida o pelo e a tarxeta de crédito entón como se dunha carreira se tratase púxenme nos trinta e seis cun libro inédito máis pelo e unha amiga de martes noite que primeiro me poñía copas e logo me levou ó altar un domingo de outono pero cando cheguei á adolescencia pegouseme unha depresión matriculeime no instituto e deixei de fumar e entre escapadas ó baño o primeiro bico e un golpe de estado falido cumprín cinco anos e fun vivir con meus pais con moito tempo libre e un pixama azul entón decidín rematar a cousa cando a principios dun verán moi caloroso coñecín a miña nai nun hospital de segunda e sen pedir permiso nin chamar entrei e acomodeime de noite entre flores e placenta

Eu tamén quero formar parte (Manifesto último)

Pode que hoxe despois de xantar cando xa a tristeza veña lanzada a atraparme entón escape a un bar a tomar unha copa e me imaxine perdido nunha noite moi escura nunha gran cidade onde haxa moito tráfico e moitas luces que me indiquen o camiño entón encherei o peito con forza e mirarei para ese grupo de xente que corre pola rúa pois evidentemente están de festa e eu tamén quero formar parte e así únome a eles e todos botamos a correr por moitas rúas pasando por terrazas cheas de xente idiota que toma margaritas mentres ven como a choiva lles cae enriba e despois entramos nunha sala de baile moi grande onde cinco mil persoas bailan entolecidas tocándose alá abaixo e eu no centro xusto da pista co cabelo despeiteado e as mans no peto do pantalón busco o meu acendedor para saír outra vez á rúa e maldicir a todo o mundo e cuspirme na cara por ter que ser así e non atreverme a cantar con voz de blues diante dunha fermosa muller que me invite a tomar un anaco de pastel un café e un cigarro nun bar chamado Mussos ás catro da mañá e falar de todas as nosas desgracias que temos que padecer un día si e outro tamén e botar un sorriso ó descubrímonos iguais por iso e pola nosa simpatía por cousas triviais que nos fagan emocionarnos como pode ser erguernos cada mañá sabendo que estamos vivos ou emocionarnos mirando un cadro de Vilafins colgado da parede dun bar ou darnos un bico moi a modo que pase desapercibido para gran parte da humanidade pero que para nós ten gran importancia e despois saír do café e como chove ir ó parque e aniñarnos debaixo dunha árbore a esperar que pare pois non nos gusta mollarnos cando estamos borrachos entón ti metes as túas mans nos meus petos e eu a miña cabeza entre

o teu cabelo e penso que se todo fose así de sinxelo me erguería todos os días dicindo Calisto Edu servídemme outra copa que esta noite vai chover e mañá será un gran día

Este libro rematouse
de imprimir nos talleres de Litosprint
cando se facían 138 anos da publicación
de Cantares gallegos de Rosalía de Castro,
obra fundacional da literatura galega
contemporánea

Di o dito que un non é de onde nace, senón de onde pace. Se isto fose certo, eu sería sen dúbida de tres lugares por igual, aínda que a miña nai quixo parirme gustosamente alá polo ano 1978 na Coruña.

Despois de moitas gracias e desgracias nesa cidade, quixeron o destino e a familia que eu fose parar á Costa da Morte, bendito e maldito lugar a partes iguais, co que manteño unha relación de amor-odio como se dunha amante neurótica se tratase.

Xustamente na costa tivo que ser onde se me presentou a oportunidade de adentrarme na boa compañía do Batallón Literario da Costa da Morte, e con eles, dar mostra do que faciamos por medio de moitos e afastados recitais, chegando incluso a Cuba.

Desa etapa quedan boas amizades, moitas copas e algúns libros colectivos como Nós, Rumbo ás illas e Mar por medio.

Volveu a querer o destino, e esta vez a depresión, levarme ata Compostela, onde durante catro anos desfrutei da boa vida. Desa etapa quedan moi boas amizades, moitas copas e o libro colectivo O entrelazo das palabras.

E outra vez de volta na Costa da Morte, que é de onde chega este primeiro libro individual. Aínda que non é o primeiro (perdidos polos bares de Compostela andarán Estradas, Campamento Rem e Poemas do absurdo, inéditos xa por sempre e por capricho), si é o que está escrito con máis ilusión e rabia.

Así que aquí quedan estes manifestos que falan de amor e vodka, de hipocondría e tristeza, de viaxes e loitas... de min e de vós.

